

Avogacia.org

-- Especiais - Violencia doméstica --

Violencia doméstica



**Recursos públicos de atención ás
mulleres vítimas de violencia
doméstica**

Recursos 9 de marzo do 2005

1. Centros de información ás mulleres (CIM)

Os centros de información ás mulleres, creados pola Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado a través do Servizo Galego de Igualdade e regulados polo Decreto 182/2004, do 22 de xullo (DOG nº 150 do 4 de agosto), teñen, entre outras, as seguintes funcións:

1. Información e asesoramento xurídico. 2. Atención psicolóxica. 3. Información sobre os recursos dispoñibles no ámbito territorial. 4. Funcionamento como canle de comunicación entre as usuarias e os distintos organismos que tiveran competencias en materia de muller. 5. Atención específica a mulleres vítimas de violencia de xénero, poñendo á súa disposición, facilitando ou informando sobre o acceso aos recursos existentes na Comunidade Autónoma a través da xestión urgente cos servizos policiais, sanitarios, psicolóxicos, xudiciais e sociais que fosen oportunos.

Existen centros en:

A CORUÑA: Ares, Arteixo, Arzúa, Boiro, Carballo, Cee, Coirós, Culleredo, Curtis, Ferrol, Melide, Muxía, Negreira, Ordes, Ortigueira, Outes, Padrón, As Pontes, Ribeira, Santa Comba, Santiago de Compostela e Zas. LUGO: Burela, Chantada, Lugo, Mondoñedo, Monforte, Quiroga, Ribadeo, Sarria, Vilalba e Viveiro. OURENSE: O Barco, Castro Caldelas, Maceda, Ourense, Viana do Bolo, Verín e Xinzo de Limia. PONTEVEDRA: Caldas de Reis, Cambados, Cangas, Gondomar, A Estrada, A Guarda, O Grove, Lalín, Marín, Moaña, Nigrán, Poio, Pontearreas, Pontevedra, Porriño, Sanxenxo, Silleda, Soutomaior, Vigo e Vilanova de Arousa. Os seus enderezos son os seguintes:

A CORUÑA

Centro	Enderezo	Teléfono
CIM de Ares	Rúa Consistoio, s/n r15624 Ares	981-468102
CIM de Arteixo	Rúa Ria de Noia, 2 15142 Arteixo	981640836
CIM de Arzúa	Rúa Basilio Crril, s/n a15810 Arzúa	981-191293
CIM de Boiro	Rúa Principal, s/n - Concello 15930 Boiro	981-844800
CIM de Carballo	Camiño Novo, 7 - entreplanta 15100 Carballo	981-700688
CIM de Cee	Rúa Domingo Antonio de Andrade, S/N 15270 Cee	981-745574
CIM de Coirós	Coirós de Arriba, 16 15316 Coirós	981-796414
CIAM de A Coruña	Avda. Glasgow, 10. 15008 A Coruña	981-282024 981-282044
CIM de Culleredo	Rúa Costa da Lonxa, 7 - Baixo 15670 Culleredo	981-654570
CIM de Curtis (http://www.cimcurtis.com)	Praza de España, 1 15310 Teixeira - Curtis	981-789003

CIM de Ferrol	Rúa Lugo, 56 - 1º 15402 Ferrol	981-944230
CIM de Melide	Praza do Convento, 5 15800 Melide	981-505706
CIM de Muxía	Rúa Real, 35 15124 Muxía	981-742117
CIM de Negreira	Rúa do Carne, 3 - 2º 15830 Negreira	981-885250
CIM de Padrón	Centro Social - Campo do Souto, 2 15900 Padrón	981-811329
CIM de As Pontes	Rúa Rosalía de Castro, 26 - 2º - Edificio Casa Dopeso 15320 As Pontes	981-441008
CIM de Ordes	Rúa Alfonso Senra, 108 15680 Ordenes	981-680002
CIM de Ortigueira	Rúa Recheo da Alameda, s/n 15330 Ortigueira	981-400306
CIM de Outes	Praza do Bosque, s/n 15230 Serra de Outes	981-850949
CIM de Riveira	Rúa Correios, 515960 Riveira	981-874131
CIM de Santa Comba	Praza do Concello, 1 15841 Santa Comba	981-880075
CIM de Zas	Praza do Campo, 1 15850 Zas	981-708303

LUGO

Centro	Enderezo	Teléfono
CIM de Burela	Rúa Eijo Garay, 20 (Casa do Concello) 27880 Burela	982-580609
CIM de Chantada	Praza de España, 1 - Baixo. Antiga casa consistorial. 27500 Chantada	982-462299

988-203000

CIM de Lugo	Avda. da Coruña, 212 27003 Lugo	982-206336
CIM de Mondoñedo	Estrada dos Remedios, s/n - (Edificio Inem, Baixo) 27740 Mondoñedo	982-521369
CIM de Monforte	Campo de San Antonio, s/n 27400 Monforte	982-416350
CIM de Quiroga	Rúa Real, 52 27320 Quiroga	982-428001
CIM de Ribadeo	Praza de España, 1 27700 Ribadeo	982-188650
CIM de Sarria	Rúa Matías López, 33 27600 Sarria	982-535061
CIM de Vilalba	Praza da Constitución, 1 27800 Vilalba	982-523032
CIM de Viveiro	Claustro de San Francisco - Avda. de Cervantes, s/n 27850 Viveiro	982-550421
OURENSE		
Centro	Enderezo	Teléfono
CIM de O Barco	Praza do Concello, 1 - baixo 32300 O Barco de Valdeorras	988-320202
CIM de Castro Caldelas	Rúa do Concello, 1 32760 Castro Caldelas	
CIM de Maceda	Rúa Toural, 2 32700 Maceda	988-463001
CIM de Ourense	Rúa Capitán Eloy, 20 - entrecán 32003 Ourense	988-374401
CIM de Verín	Avda. de Portugal, 11 32600 Verín	988-411341

CIM de Viana do Bolo	988-340120
----------------------	------------

CIM de Xinzo de Limia	Rúa Curros Enríquez, 15 - 17 32630 Xinzo de Limia	988-550023
PONTEVEDRA		
Centro	Enderezo	Teléfono
CIM de Caldas de Reis	Rúa Pepe Rada, 3 36650 Caldas de Reis	986-541072
CIM de Cambados	Rúa Ourense - Edif. Servizos Múltiples, 3º 36630 Cambados	986-520510
CIM de Cangas	Avda. de Ourense, 46 36940 Cangas	986-303402
CIM de A Estrada	Praza da Constitución, 1 36680 A Estrada	986-590151
CIM de Gondomar	Casa da Cultura Rúa Portugal, 2 - baixo 36380 Gondomar	986-360224
CIM de O Grove	Rúa Castelao, 173 - Baixo 36980 O Grove	986-730900
CIM de A Guarda	Praza do Reló, s/n 36780 A Guarda	986-614648
CIM de Lalín	Rúa Mercado, s/n 36500 Lalín	986-782352
CIM de Marín	Rúa Méndez Núñez, Baixo 36900 Marín	986-891802
CIM de Moaña	As Barxas, S/N 36950 Moaña	986-313600
CIM de Nigrán	Cruce Rúa Mariñeiro. Estrada Pola Vía, S/N	986-383081

36350 Nigrán

CIM de Poio	Rúa Domingo Fontán, 4A 36005 Poio	986-874238
CIM de Ponteareas	Rúa Oriente, 8 36860 Ponteareas	986-641747
CIM de Pontevedra	Rúa Jofre de Tenorio, 1 36002 Pontevedra	900-119741
CIM de Porriño	Rúa Domingo Bueno, 2 36400 Porriño	986-337429
CIM de Sanxenxo	Rúa Rafael Pico, 4 36970 Sanxenxo	986-727901
CIM de Silleda	Rúa Alfonso Trabazo, 3 - entrechan 36540 Silleda	986-580000
CIM de Soutomaior	Rúa Illas Alvedosas, 3 36690 Arcade	986-701227
CIM de Vigo	Rúa Romil, 20 36208 Vigo	986-293963
CIM de Vilanova	Avda. González Besada, s/n 36620 Vilanova de Arousa	986-554845

2. Atención 24 horas. Teléfono da Muller e Centro 24 horas.

O Teléfono da Muller é un servizo gratuíto e anónimo que funciona as 24 horas do día e ten cobertura para toda a Comunidade Autónoma. Este servizo está atendido por un equipo multidisciplinar do Servizo Galego de Igualdade e do Centro 24 horas coordinado con diferentes profesionais de toda Galicia, de forma que calquera muller poida facer unha consulta, tanto en horario laborable como en horario nocturno e en días non laborables. Desde o Teléfono da Muller infórmase e asesórase sobre

cuestións relacionadas coas seguintes materias:

- ▶ Separacións, divorcios, abandonos do fogar, sentencias incumpridas...
- ▶ Malos tratos, vexacións, ameazas, agresións sexuais, acoso sexual...
- ▶ Cursos ocupacionais, oposicións, bolsas de emprego, creación de empresas...
- ▶ Discriminación laboral, permisos por maternidade e paternidade, apoio á contratación...
- ▶ Servizos sociais, centros de acollida, centros de información ás mulleres, programas para mulleres desfavorecidas, servizos policiais, gabinetes de orientación, centros de planificación familiar...
- ▶ Educación para a igualdade, materiais non sexistas, publicidade discriminatoria...
- ▶ Apoio ó asociacionismo, xornadas, seminarios, subvención a asociacións, publicacións...
- ▶ Políticas de igualdade, proxectos europeos, actuacións doutros organismos...

O área de intervención do Plan de acción 2000-2005 contra a violencia de xénero en Galicia, entre outras actuacións, estableceu a creación dun servizo de emerxencia 24 horas para atender de xeito integral os casos de violencia. Este Centro de información e asesoramento ás mulleres, presta apoio asistencial e no seu caso derivación inmediata a un recurso axeitado (asistencia sanitaria, centros de acollida, asesoramento xurídico individualizado, forzas e corpos de seguridade do Estado...). Así, este servizo ofrece información inmediata en canto ás súas posibilidades de acción, co soporte dos recursos existentes na Comunidade Autónoma galega para que as usuarias poidan superar a situación de violencia e comezar o seu camiño de independencia e igualdade. O obxectivo último é que a usuaria perciba a información e vexa resoltas as súas dúbidas inmediatas en orde á toma de decisións, control da súa propia vida e desenvolvemento persoal. O Centro 24 horas é un servizo gratuíto e anónimo prestado para toda a Comunidade Autónoma, as 24 horas do día durante todo o ano. Réxese polas seguintes pautas de actuación:

- ▶ Voluntariedade da persoa que demanda a información e consulta.
- ▶ Anonimato e confidencialidade.
- ▶ Gratuidade do servizo.
- ▶ Inclusión da perspectiva de xénero nas súas actuacións.

3. Punto de coordinación das Ordes de Protección

A Lei de Enxuzamento Criminal, segundo redacción dada pola Lei 27/2003, de 31 de xullo no seu apartado 8º establece que "A orde de protección será notificada ás partes, e comunicada polo xuíz inmediatamente, mediante testemuña íntegra, á vítima e ás administracións públicas competentes para a adopción de medidas de protección sexan estas de seguridade ou de asistencia social, xurídica, sanitaria, psicolóxica ou de calquera outra índole. A estes efectos establecerase regulamentariamente un sistema integrado de coordinación administrativa que garanta a axilidade destas comunicacións." O Protocolo para a Implantación da Orde de Protección, no seu epígrafe 3.4, parágrafo 3º, apartado 2º, prevé o establecemento dun sistema de comunicación que permita a rápida remisión da orde de protección dende o Xulgado ao Punto de Coordinación. Así mesmo, o Real Decreto 355/2004 de 5 de marzo polo que se regula o Rexistro Central para a protección das vítimas de violencia doméstica, recolle na súa Disposición Adicional Única a "comunicación das ordes de protección ás Administracións públicas competentes en materia de protección social", e a tal efecto establece que "Os secretarios dos xulgados e tribunais comunicarán as ordes de protección das vítimas de violencia doméstica que se adopten e as súas respectivas solicitudes, mediante testemuña íntegra, a aquel ou aqueles puntos de coordinación designados pola comunidade autónoma correspondente, que constitúan a canle única de notificación destas resolucións a centros, unidades, organismos e institucións competentes en materia de protección social en relación con estas vítimas, de acordo co establecido no apartado 8 do artigo 544 da Lei de Enxuzamento Criminal". Na

Comunidade Autónoma de Galicia foi designado o Centro de Información e Asesoramento á Muller de A Coruña como Punto de Coordinación das Ordes de Protección de Galicia (PCOP). Avda. Glasgow, 10 15008 A Coruña Teléfonos: 981 282024 - 981 282044

4. Protocolo para atención e protección de mulleres vítimas de malos tratos

O día 21 de novembro de 2003 asinouse o protocolo de actuación e coordinación entre a Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado e a Consellería de Xustiza, Interior e Administración local para a atención e protección de mulleres vítimas de malos tratos. Este protocolo ten por obxecto establecer as condicións de colaboración entre ámbalas dúas Consellerías co fin de prestarlles ás vítimas de malos tratos a atención e protección debida. Entre os obxectivos do protocolo, compréndense os seguintes:

- Poner a disposición das vítimas de malos tratos un dispositivo de alarma consistente nunha unidade de teleasistencia, a través dun aparato que se poderá activar nunha situación de emerxencia, para localizar dun xeito efectivo ás vítimas en situación de risco.
- Que a Policía Autonómica, en casos de gravidade e urxencia (risco vital, asistencia sanitaria, flagrancia de delito...), en función dos recursos dispoñibles, se encargue de levar a cabo as actuacións de coordinación necesarias para a protección e traslado das mulleres vítimas de malos tratos.
- A través do teléfono 112 centralizanse as chamadas para levar a cabo a citada asistencia.